

1973



“Tui, a dos vellos amores,
na memoria lle surdía,
toda de froes cuberta
toda de gloria vestida
ca súa gran Corredoura
donde a xente andaba e viña
antre regueiros de luces
y-antre mares de alegría,
coa súa fresca alameda
donde bole e xeme a brisa
co seu ponte, arpa de ferro
que fixo bela Poesía
pra cantar ó son da gaita
a hermosura de Galicia.”

“Lembranzas da Terra”. *Lago González: biografía y selección de su obra gallega* (1967)

MANUEL LAGO GONZÁLEZ

(Tui, 1865 – Santiago de Compostela, 1925)

Foi un eclesiástico, poeta, teólogo e activista cultural galego que chegou a ser arcebispo de Santiago de Compostela. Membro fundador da Real Academia Galega, pertenceu ao Seminario de Estudos Galegos, do que foi presidente honorario, participou nos Xogos Florais de Tui e foi colaborador habitual de numerosas revistas e publicacións.

GRANDES ÉXITOS



1967

Lago González: biografía y selección de su obra gallega. A obra de Manuel Lago González atopábase espallada en diversos xornais e revistas coma *La Integridad*, *El Norte de Galicia* ou *Galicia Diplomática*. Anos máis tarde, Xosé Fernando Filgueira Valverde compilaría o seu traballo nesta publicación en 1967. Os temas que trata Manuel Lago son relixiosos e de exaltación dos costumes e recordos da súa vila e contorna.

“Manuel Lago González, bispo de Tui e despois arcebispo de Santiago de Compostela, amosou unha especial preocupación polos problemas da fala. Deixou escritas algunhas prosas en galego e abondos poemas de amable sinxeleza.”

Historia da literatura galega (1984), Francisco Fernández del Riego

